

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR.

CENTRO EDUCATIVO: CEIP de SEIXO-MARÍN

Curso 2019/2020



ÍNDICE

I.- INTRODUCCIÓN	2
II.- OBXECTIVOS	2
III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR.....	3
IV.-DEREITOS DOS USUARIOS.....	5
V.-DEBERES DOS USUARIOS.....	5
VI.- DEREITOS DOS/DAS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS.....	6
VIII.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR	7
IX.- FALTAS E SANCIÓNIS	7
X.- APROBACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO.	8



I.- INTRODUCCIÓN

O comedor escolar do CEIP de Seixo é un servizo complementario que establece o CEIP de Seixo, como instrumento educativo e de servizo ás familias, de carácter voluntario.

A entidade que asume a xestión e financiamento do mesmo é a FANPA (Federación de asociacións de nais e pais de Pontevedra). Esta entidade ten subcontratada á empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA,S.L.

A modalidade é servizo de catering en liña fría.

A utilización polos/as alumnos/as do servizo de comedor escolar, rexirase polas normas contempladas no presente regulamento.

A continuación, o Equipo Directivo deste centro, deixa constancia dos diferentes aspectos recollidos no proxecto educativo de ARUME, e que forman parte deste regulamento.

II.- OBXECTIVOS

Dende ARUME elaboran un proxecto educativo baseado en ofrecer unha selección de menús que garantan toda a achega nutricional necesaria para nenas e nenos en idade escolar e educalos para que adquiran hábitos alimentarios saudables e equilibrados, ademais de gozar do seu tempo de lecer.

Como responsables dos nenos e nenas durante os seus servizos, o seu obxectivo é converter o comedor escolar nun espazo lúdico e educativo. Esta tarefa realízase a través de persoal especializado, que mediante o proxecto educativo, programa e realiza actividades para promover hábitos, valores e actitudes básicas para a educación destes nenos e nenas, en tres áreas principais:

- Educación para a saúde:** bos hábitos nutricionais e de vida activa.
- Educación para a convivencia:** hábitos de responsabilidade, cooperación, igualdade e respecto mutuo.
- Educación para a sustentabilidade:** hábitos de respecto ao medio ambiente, reciclaxe e aproveitamento dos recursos.



III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR

1. O Comedor Escolar comenzará, seguindo a orde do calendario escolar para o curso académico correspondente, dende o primeiro día lectivo ata o derradeiro día lectivo fixado no mesmo.
2. Todos aqueles alumnos que precisen Servizo de Comedor teñen que solicitalo á Empresa que presta o servizo, a través da páxina web www.arumeservicios.gal.
3. O número máximo de plazas de comedor fíxase en 28 comensais por quenda.
4. Establécense as seguintes modalidades de contratación:
 - a. **Fixo** : servizo días fixos da semana .
 - b. **Calendario de días ou turno laboral**: servizo uns días sen periodicidade semanal (días de calendario) e o sabe con antelación. Deberá informar antes do día 25 de cada mes.
 - c. **Esporádicos**: se necesitan o servizo días soltos sen posibilidade de planificar. Debe avisar o día anterior como moi tarde. Cobraránse os días que correspondan ao mes seguinte do servizo.
5. É necesario facilitar máis dun teléfono dos comensais para poñerse en contacto cos país/nais ante calquera incidencia, e que estes teléfonos estean operativos.
6. O recibo pasarase entre o 15 e o 20 do mes de servizo e as mensualidades serán sempre do mesmo importe, segundo a táboa de prezos especificada.
7. Causará baixa no servizo cando se produza o impago do recibo. Non poderán facer uso do servizo usuarios con recibos pendentes de pago.
8. A petición de alta-baixa ou modificación do servizo deberá comunicala a ARUME antes do 25 de cada mes, facéndose efectiva para o mes seguinte. Estas comunicacións nunca deberán realizarse a través dos monitores. Debe facela pola app, web, teléfono ou mail.
9. O horario do Comedor será de 14:30 a 16:30 horas. Por seguridade dos alumnos, as portas do Centro permanecerán pechadas durante estes horarios. Non obstante, establécense as seguintes quendas de saída para que as familias poidan recoller aos alumnos/as:



- a. 1º quenda: 15:40-15:50 horas.
- b. 2º quenda: 16:15-16:30 horas.

No caso de ter que recoller noutro horario ao alumnado por circunstancias extraordinarias, poderán comunicarse co comedor para notificar dita situación no teléfono 630 253 052.

A saída dos usuarios coas súas familias realizaráse pola cancilla do centro, **nunca** polo portal de entrada e saída de vehículos do profesorado do centro.

Non está permitido que os vehículos das familias entren no recinto escolar.

10. Os horarios de recollida respetaránse para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.
11. En caso de separación conxugal e a efectos de posibles saídas, haberá que notificar á monitora quen recollerá habitualmente ao/á alumno/a. Tamén deberá cumprimentar a autorización correspondiente cando a persona que vaia recoller ao/á alumno/a sexa distinta do/da pai/nai ou titor/a legal.
12. O alumnado non poderán saír do recinto escolar durante o periodo de Comedor.
13. A empresa que presta o servizo informará do menú diario. Esta información facilitará ás familias a preparación da dieta completa dos seus fillos, completando no resto de comidas o inxerido no Comedor.
Todo o relacionado co menú servido no comedor escolar, é responsabilidade da empresa que da o servizo (ARUME) e a FANPA (xestora do servizo do comedor do centro).
14. En ningún caso administraránse medicamentos aos/ás usuarios/as que asisten ao Comedor. Igualmente, nunca deben entregarse medicamentos ao alumnado.
15. Cada alumno traerá os útiles necesarios para o cepillado e hixiene dos dentes.
16. Todos os alumnos deben respectar as Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor.



Competencias do persoal coidador / responsable:

As monitoras do comedor escolar, seguirán unhas pautas de actuación recollidas na guía de boas prácticas que será facilitada pola empresa que da o servizo (ARUME).

IV.-DEREITOS DOS USUARIOS

Os usuarios terán os seguintes dereitos e obrigas:

- Recibir unha alimentación en condicións saudables de hixiene.
- Recibir unha alimentación especial no caso dos alumnos que así o requiran, unha vez presentada a documentación que xustifique a necesidade da mesma.
- Recibir unha alimentación equilibrada dende a perspectiva dietético-nutricional .
- Recibir a debida atención das monitoras.
- Participar dos coidados e a vixilancia das monitoras nas actividades realizadas nos períodos de tempo de lecer anteriores e posteriores á hora da alimentación.
- Recibir información do plan de comidas (MENU).Esta información aportarase dende a empresa que da servizo ao comedor (ARUME-FANPA).

V.-DEBERES DOS USUARIOS

- Asistir ao comedor escolar, salvo xustificación expresa.
 - Respetar os horarios establecidos para o xantar.
 - Cumprir as normas hixiénicas.
 - Coidar do material do comedor escolar.
 - Permanecer no comedor durante o horario de xantar.
 - Respetar as normas de funcionamento establecidas para o servizo de comedor escolar.-
- Aboar os correspondentes pagos para poder usar o servizo de comedor.

Os pais/nais/titores legais, teñen entre outros, debido á condición que ostentan, os seguintes Dereitos e deberes.



VI.- DEREITOS DOS/DAS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

Os pais/nais/titores legais ao marxe dos propios pola súa condición, teñen os seguintes dereitos:

- A) Os pais/nais/titores legais dos alumnos usuarios teñen dereito a coñecer coa debida antelación os menús que se servirán no comedor.
- B) Nomearase dentro do Consello Escolar, un/unha responsable do servizo de comedor, co fin de coordinar e controlar o correcto funcionamento do servizo e a quen os pais/nais/titores legais poderán plantexar as súas queixas e suxerencias. Estas poderán realizarse por correo electrónico ou mediante entrevista persal deixando por escrito reflexada a súa intención.
- C) Coñecer, o desenvolvemento e comportamento dos/das seus/súas fillos/as no servizo de comedor.

VII.-DEBERES DOS/DAS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS

Son algunhas obrigas dos/das pais/nais/titores legais, ao marxe das propias pola súa condición as seguintes:

- A) Cooperar no axeitado cumprimento das normas establecidas, respectando o presente regulamento así como as NOF do centro .
- B) Fomentar nos/nas seus/súas fillos/as actitudes de colaboración, solidariedade e convivencia.
- C) Estar ao corrente dos pagos mensuais, e efectuar os mesmos mediante o sistema establecido pola empresa.
- D) Recoller con puntualidade aos/ás seus/súas fillos/as.
- E) Comunicar á empresa (ARUME), por escrito, as posibles alerxias alimentarias, réxime especial por razón dietética ou por outros motivos e calquera outra incidencia que poida afectar á correcta prestación do servizo, sempre coa debida xustificación.
- F) Comunicar con suficiente antelación as asistencias ao comedor, no caso de asistencia esporádica, e as inasistencias ao mesmo, no caso de asistencia regular.



VIII.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR

Con carácter xeral, as actividades do Comedor Escolar rexiránse polas normas establecidas pola empresa que presta o servizo (ARUME), e pola que o xestiona (FANPA).

Estas normas refírense a aspectos relacionados coa hixiene, comportamento, alimentación e tempo de lecer.

En canto á organización do centro para a recollida do alumnado que asiste ao servizo de comedor, levaráse a cabo da seguinte maneira:

1. O mes anterior, a empresa ARUME informa ao centro dos usuarios de comedor.
2. Dende a dirección do centro, esta información trasládase as titorías correspondentes.
3. Á hora da saída do colexio, o alumnado de Educación Infantil agardará á monitora do comedor no hall de entrada. Ésta os recollerá e os levará ata o punto de encontro (banco da amizade), onde se reunirá co resto de alumnado de educación primaria.
4. A continuación, a monitora acompañará a totalidade dos usuarios/as ás instalacións do comedor de forma ordenada e en fila. Posteriormente, comezarán a xantar unha vez estean todos sentados.

IX.- FALTAS E SANCIÓN

No que respecta a este punto, os criterios serán establecidos pola empresa que ofrece o servizo de comedor escolar, neste caso, ARUME.



- Por último lembramos que todos os usuarios que solicitan a prestación deste servizo, deben ler e aceptar as normas establecidas neste Regulamento do Comedor Escolar.

- Para todas as circunstancias non fixadas no mesmo, aplicaránse as NOF do Centro.

X.-APROBACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO.

1.- O presente regulamento foi aprobado polo Consello Escolar do Centro a proposta da directora en funcións o día 3 de decembro de 2019.

2.-A modificación do presente regulamento levaráse a cabo nas mesmas condicións establecidas para a súa aprobación. As modificacións terán lugar con data do inicio do curso seguinte a aquel no que tivera lugar a modificación, salvo acordo xustificando do Consello Escolar do Centro.